

NOVA TAXA PROVINCIAL POLA
RECOLLIDA DOS RESIDUOS
DE COMPETENCIA LOCAL,
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE



DEPUTACIÓN
OURENSE

MEDIO
AMBIENTE

OBXECTIVO

A través da aplicación desta nova taxa o que se pretende é:

- a. Incentivar a realización de compostaxe en proximidade, co obxectivo de reducir a cantidade de materia orgánica que chega a bolsa do lixo.
- b. Promover a entrega de residuos de carácter especial nos puntos limpos.

TARIFAS

- a. TARIFA BASE: 79,95 € (19,98 €/trimestre).
- b. TARIFA REDUCIDA POR REALIZACIÓN DE COMPOSTAXE EN PROXIMIDADE (30% de redución): 55,95 € (13,99 €/trimestre).
- c. TARIIFA REDUCIDA POR USO DE PUNTO LIMPO (10% de redución): 71,94 € (17,99 €/trimestre).
- d. TARIFA REDUCIDA POR AMBOS CRITERIOS: 47,96 € (11,99 €/trimestre).

REQUISITOS PARA Á SÚA APLICACIÓN

- a. COMPOSTAXE DOMÉSTICA:
Declaración responsable + fotografías:
 - Pila de compost/composteiro da súa localización e do material compostado
 - Material vexetal (estruturante) que aporta ao compost: zona arborada, sebes, serrín, cinzas...Ou no seu defecto: Informe técnico municipal favorable (co contido mínimo anterior).
- b. COMPOSTAXE COMUNITARIA: Non terá aplicación ata o ano 2026, polo que poderán remitir as declaracións responsables durante toda esta anualidade.
- c. PUNTO LIMPIO: Dous xustificantes do ano anterior (2024), de entrega de residuos en calquera punto limpo da rede da Deputación de Ourense.

RECORDATORIO

Realizaranse inspeccións a cada una das declaracións responsables que se presenten, o incumprimento ou a non veracidade dos datos conleva o pago da tarifa base sen aplicación de redución algunha, máis aló de calquera sanción que se derive da normativa en vigor.

PROCEDEMENTO

O procedemento é rogado, a instancia de parte, mediante solicitude que debe incluír unha declaración responsable así como aportar a información adicional requirida en cada caso.

Para quen o tramite a través do concello, a información adicional pódese substituír por informe técnico municipal (que incorpore esa información no caso da compostaxe).

O modelo está dispoñible na páxina web da Deputación de Ourense, sede electrónica, todos os trámites, páxina 3, "solicitude de aplicación da taxa provincial reducida pola prestación do servizo intermunicipal delegado de recollida de residuos de competencia local".

A presentación realizarase:

- Nas dependencias da Deputación (oficina de rexistro, de luns a venres de 8:30 a 14:30 horas),
- Nas oficinas do concello.
- Online, a través da sede electrónica da Deputación.